

Código Cero

DIARIO DIXITAL

Novas Tecnolóxicas de Galicia con boletíns por correo electrónico e edición en papel nos quioscos galegos.


PRINCIPAL | FOROS | REVISTA EN PAPEL | HEMEROTECA | O NOSO EQUIPO | TOP 100 | CONTACTAR CON N



Mércores, 16 de Agosto de 2006

Nova

Practicamente un de cada tres concellos galegos emprega software libre, segundo un estudo en Mancomun.org



O [Observatorio do Software Libre en Galiza](#) vén de completar a súa primeira fase de traballo. E faíno achegando datos sobre a introdución de programas de código aberto e/ou en galego nos concellos e máis nos centros de ensino. [Podémolo ver en Mancomun.org](#), onde se están a dar conta das colaboracións a prol do software libre entre a [Consellería de Innovación](#), o [CESGA](#) e a comunidade galega de usuarios de *open source*.

Neste último estudo, que non derradeiro, atopamos o seguinte dato de interese: o 32% dos concellos galegos xa está a empregar o software libre. Este índice, que se dispara ó 70% no caso dos concellos máis poboados, complementase con estoutra información, achegada no mesmo estudo: a proporción de concellos con programas en galego é moi significativa.

Polo tanto, e tendo en conta que o Observatorio avaliou xa o sector empresarial (TIC ou non) e o eido da Educación Secundaria, pódese dicir que é na administración local onde máis se está apostando polo código aberto, compromiso que se ve "*ratificado co alto grao de satisfacción demostrado polos concellos*".

Mais, por que se está a dar esta aposta polo software libre? A xuízo do Observatorio, unha das causas principais ten que ver coa necesidade de aforro dos concellos, posto que se ven ceibes do pago das licenzas dos programas. Máis tampouco se poden deixar de lado estas razóns: cumprimento da legalidade e independencia do provedor.

Polo que respecta ó outro dos eidos esculcados na investigación, os centros de ensino medio, dicir que os datos poñen de relevo que o software libre no eido educativo está a entrar con pasos máis dubitativos ca na administración local. Así, a porcentaxe de centros onde se emprega é do 20%, sendo a presenza de programas informáticos en galego do 37%. Segundo apunta o estudo, é preciso aplicar medidas de promoción do software libre no eido educativo, medidas que "*subsananán rapidamente esta posición de desvantaxe, posto que o ensino é un dos eidos máis axeitados para o emprego de ferramentas deste tipo*".

Entrevista



Pablo López
Consultor e xerente de Hacce

Firma convidada



Moncho Paz
Moderador de Xanela Aberta en Código TV

Agasallos Promocionais por Internet

www.promosbbt.com


Telf.: 902 181 182




A Consellería de innovación e Industria ponno ao teu dispor para que poidas informarte.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Construya su reputación con Windows Server System.

Conozca la experiencia Motorola 


Windows Server System



MOVISTAR

 **Ahorro 2.95**


GALICIA INNOVACIÓN
Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, 2002-2005

Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual



Grupo Código Cero Comunicación

UNINOVA- Recinto MercaGalicia

Polígono Industrial do Tambre - Vía La Cierva s/n

15890 Santiago de Compostela

Teléfono 981 51 96 00 Extensión 36 - 981 93 63 24

Telefax 981 55 77 07

webmaster@codigocero.com



Galardón á Innovación Empresarial
na categoría de Comunicación